



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O VINTE E SEIS DE DECEMBRO DE 2019.**

**18/2019**

<p style="text-align: center;"><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p style="text-align: center;"><b><u>PRESIDENTE</u></b> D. Óscar Benito Portela Fernández</p> <p style="text-align: center;"><b><u>CONCELLEIROS</u></b> D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira D<sup>a</sup> Ana Paola Mondaca González D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral D<sup>a</sup> María José García Freire D. José Luis Tellado Villares D<sup>a</sup> Raquel Bolaño Fariñas D<sup>a</sup> María Pardo Fafián D<sup>a</sup> Isabel Reimúndez Suárez D<sup>a</sup> Laura Rodríguez Pena D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa D. Breogán Blanco González</p> <p style="text-align: center;"><b><u>NON ASISTEN (CON EXCUSA)</u></b> D. Francisco Xosé Montouto Pérez</p> <p style="text-align: center;"><b><u>INTERVENTORA ACCTAL.</u></b> D<sup>a</sup> María Jesús Ramos Esperante</p> <p style="text-align: center;"><b><u>SECRETARIA</u></b> D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>Na Casa do Concello de Sada, sendo as 20:00 horas do día 26 de decembro de 2019, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Óscar Benito Portela Fernández, e asistido pola secretaria da Corporación, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, reúnen os srs. Concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo coa seguinte orde do día.</p>
---	---

**ORDE DO DÍA:**

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 16/2019 DA SESIÓN DO 28.11.2019.**

Pola Presidencia pregúntase aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación á acta da sesión do 28.11.2019.

Non habendo intervencións queda aprobada por unanimidade a acta da devandita sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**2º.- RECOÑECIMENTO DE COMPATIBILIDADE DUNHA MEMBRO DA CORPORACIÓN.**

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 19/12/2019, que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



sinala:

“/.../

1º.- Autorizar a compatibilidade solicitada por Dª. Ana Paola Mondaca González como Concelleira delegada dos servizos de Cultura, en réxime de dedicación parcial, coa actividade privada como secretaria técnica en Enxeñería Sen Fronteiras Galicia, de luns de 16:00 a 19:30 horas, e martes, mércores e xoves de 09:00 a 14:30 horas, cunha retribución bruta anual de 8.760,96.- euros.

2º.- O anterior recoñecemento de compatibilidade queda condicionado a que a actividade se desenvolva, en todo momento, en horario non coincidente co das funcións correspondentes ao cargo de concelleira delegada, e non supoña en ningún caso impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes da concelleira”.

Intervén a Sra. Bolaño, anunciando que votarán a favor; a Sra. Salorio, quen logo de expoñer o desacordo do seu grupo pola celebración desta sesión o día 26 adianta que a sabendas de que se vai aprobar en sinal de protesta polo trato diferente que di que se lles da non han participar nin no debate nin na votación deste punto.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 SM, 2 BNG, 2 AV e 2 PSOE).
- Abstencións: 3 (PP).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

1º.- Autorizar a compatibilidade solicitada por Dª. Ana Paola Mondaca González como Concelleira delegada dos servizos de Cultura, en réxime de dedicación parcial, coa actividade privada como secretaria técnica en Enxeñería Sen Fronteiras Galicia, de luns de 16:00 a 19:30 horas, e martes, mércores e xoves de 09:00 a 14:30 horas, cunha retribución bruta anual de 8.760,96.- euros.

2º.- O anterior recoñecemento de compatibilidade queda condicionado a que a actividade se desenvolva, en todo momento, en horario non coincidente co das funcións correspondentes ao cargo de concelleira delegada, e non supoña en ningún caso impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes da concelleira.

Finalmente, o Presidente aclara as razóns polas que se celebra esta sesión nesta data, como fixo na Comisión Informativa, porque permite aforrarlles aos sadenses unha cantidade notable no recibo do IBI.

### **3º.- ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA.**

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Especial de Contas e de Facenda do 19/12/2019, que sinala:

<<**Primeiro.**- Aprobación inicial de ordenanza da prestación patrimonial de carácter público non tributario do servizo municipal de abastecemento de auga.

#### **PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA**

##### **Artigo 1º: - FUNDAMENTO E OBXECTO**

1. En uso da facultade concedida polo artigo 31.3 da Constitución e polo artigo 105.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Sada establece una prestación patrimonial de carácter público non tributario como contraprestación pola prestación do servizo público de abastecemento de auga no termo municipal de Sada, que se rexerá pola presente Ordenanza. Este servizo se presta de xeito indirecto a través de contrato de concesión A prestación patrimonial de carácter público non tributario que se regula na presente ordenanza terá carácter coactivo e será esixida sempre que se presten algúns dos servizos públicos que se relacionan no apartado seguinte.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



As tarifas e demais dereitos económicos pola prestación dos servizos que se citan no apartado seguinte, teñen a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, de acordo co artigo 20.6 do TRLHL, en redacción dada pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

2. É obxecto desta prestación patrimonial, o abastecemento de auga. En xeral, todos aqueles servizos propios obxecto desta Ordenanza que sexan convocados polos interesados ou que especialmente redunden no seu beneficio, aínda cando estes non solicitaren a prestación, e que, sendo de competencia municipal, teñan carácter obrigatorio en virtude de precepto legal ou regulamentario.

#### **Artigo 2º.- OBRIGADOS AO PAGO**

1.-Están obrigados ao pago os titulares do contrato de subministro de auga potable, solicitantes ou destinatarios do servizo.

2.-Serán responsables subsidiarios do pago, os propietarios destes inmobles, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

#### **Artigo 3º.- CUANTIFICACIÓN DAS TARIFAS**

3.1.- A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.-

A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

A) Abonados domésticos:

- Por cota de servizo: 4,664181 euros/mes
  - Bloque 1.-Consumo ata 10 m3/mes: 0,342586 euros/m3
  - Bloque 2.-Consumo a partir de 10 m3/mes: 0,593529 euros/m3
- O mínimo desta tarifa será de 10 m3/mes.

B) Abonados industriais:

- Por cota de servizo: 5,849695 euros/mes.
  - Bloque 1.-Consumo ata 25 m3/mes: 0,472385 euros/m3.
  - Bloque 2.-Consumo a partir de 25 m3/mes: 0,844478 euros/m3.
- O mínimo desta tarifa será de 25 m3/mes.

C) Conservación de contadores:

- Contador ata 13 mm: 0,24 euros/mes.
- Contador ata 20 mm: 0,30 euros/mes.
- Contador ata 25 mm: 0,39 euros/mes.
- Contador ata 30 mm: 0,49 euros/mes.
- Contador maior de 30 mm: 1,08 euros/mes".-

#### **Artigo 4º.- OBRIGACIÓN DE PAGO**

A obriga do pago dos importes das tarifas nace na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suceso pasivo a formulase expresamente e na data que teña lugar a efectiva acometida, en caso de non existir solicitude ou concesión de licenza; sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

#### **Artigo 5º.- NORMAS DE XESTIÓN**

Unha vez autorizada a acometida, o cobro da tarifa realizarase trimestralmente, conxuntamente coa taxa do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e prestación do servizo de rede de sumidoiros, entendéndose efectuada a notificación das cotas coa publicación polo Concello do correspondente padrón trimestral da auga.

**Segundo.-** Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións.

**Terceiro.-** Derogar o artigo 3 da ordenanza fiscal nº 21, reguladora da taxa polo suministro de auga. A dita derogación demorará os seus efectos ata a entrada en vigor da ordenanza da prestación patrimonial de carácter público non tributario do servizo municipal de abastecemento de auga>>>.

A Sra. Bolaño intervéñ para mostrar a conformidade coa proposta. A Sra. García logo de expoñer o desacordo do seu grupo pola celebración desta sesión o día 26 adianta que a sabendas de que se vai aprobar en sinal de protesta polo trato diferente que di que se lles da non han participar nin no debate nin na votación deste punto.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 SM, 2 BNG, 2 AV e 2 PSOE).
- Abstencións: 3 (PP).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobación inicial de ordenanza da prestación patrimonial de carácter público non tributario do servizo municipal de abastecemento de auga.



## **PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE ABASTECIMENTO DE AUGA**

### **Artigo 1º: - FUNDAMENTO E OBXECTO**

1. En uso da facultade concedida polo artigo 31.3 da Constitución e polo artigo 105.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Sada establece una prestación patrimonial de carácter público non tributario como contraprestación pola prestación do servizo público de abastecemento de auga no termo municipal de Sada, que se rexerá pola presente Ordenanza. Este servizo se presta de xeito indirecto a través de contrato de concesión

A prestación patrimonial de carácter público non tributario que se regula na presente ordenanza terá carácter coactivo e será esixida sempre que se presten algúns dos servizos públicos que se relacionan no apartado seguinte.

As tarifas e demais dereitos económicos pola prestación dos servizos que se citan no apartado seguinte, teñen a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, de acordo co artigo 20.6 do TRLHL, en redacción dada pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

2. É obxecto desta prestación patrimonial, o abastecemento de auga. En xeral, todos aqueles servizos propios obxecto desta Ordenanza que sexan convocados polos interesados ou que especialmente redunden no seu beneficio, aínda cando estes non solicitaren a prestación, e que, sendo de competencia municipal, teñan carácter obrigatorio en virtude de precepto legal ou regulamentario.

### **Artigo 2º.- OBRIGADOS AO PAGO**

1.-Están obrigados ao pago os titulares do contrato de subministro de auga potable, solicitantes ou destinatarios do servizo.

2.-Serán responsables subsidiarios do pago, os propietarios destes inmobles, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

### **Artigo 3º.- CUANTIFICACIÓN DAS TARIFAS**

3.1.- A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.-

A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

A) Abonados domésticos:

- Por cota de servizo: 4,664181 euros/mes
- Bloque 1.-Consumo ata 10 m3/mes: 0,342586 euros/m3
- Bloque 2.-Consumo a partir de 10 m3/mes: 0,593529 euros/m3

O mínimo desta tarifa será de 10 m3/mes.

B) Abonados industriais:

- Por cota de servizo: 5,849695 euros/mes.
- Bloque 1.-Consumo ata 25 m3/mes: 0,472385 euros/m3.
- Bloque 2.-Consumo a partir de 25 m3/mes: 0,844478 euros/m3.

O mínimo desta tarifa será de 25 m3/mes.

C) Conservación de contadores:

- Contador ata 13 mm: 0,24 euros/mes.
- Contador ata 20 mm: 0,30 euros/mes.
- Contador ata 25 mm: 0,39 euros/mes.
- Contador ata 30 mm: 0,49 euros/mes.
- Contador maior de 30 mm: 1,08 euros/mes".-

### **Artigo 4º.- OBRIGACIÓN DE PAGO**

A obriga do pago dos importes das tarifas nace na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente e na data que teña lugar a efectiva acometida, en caso de non existir solicitude ou concesión de licenza; sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

### **Artigo 5º.- NORMAS DE XESTIÓN**

Unha vez autorizada a acometida, o cobro da tarifa realizarase trimestralmente, conxuntamente coa taxa do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e prestación do servizo de rede de sumidoiros,



entendéndose efectuada a notificación das cotas coa publicación polo Concello do correspondente padrón trimestral da auga.

**Segundo.-** Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións.

**Terceiro.-** Derogar o artigo 3 da ordenanza fiscal nº 21, reguladora da taxa polo suministro de auga. A dita derogación demorará os seus efectos ata a entrada en vigor da ordenanza da prestación patrimonial de carácter público non tributario do servizo municipal de abastecemento de auga.

#### **4º.- ORDENANZA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO SO SERVIZO MUNICIPAL DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.**

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Especial de Contas e de Facenda do 19/12/2019, que sinala:

<</.../

**Primeiro.-** Aprobación inicial de ordenanza da prestación patrimonial de carácter público non tributario do servizo municipal de tratamento e depuración de augas residuais

#### **PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS**

##### **Artigo 1º: - FUNDAMENTO E OBXECTO**

1. En uso da facultade concedida polo artigo 31.3 da Constitución e polo artigo 105.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Sada establece una prestación patrimonial de carácter público non tributario como contraprestación pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais no termo municipal de Sada, que se rexerá pola presente Ordenanza. Este servizo se presta de xeito indirecto a través de contrato de concesión.

A prestación patrimonial de carácter público non tributario que se regula na presente ordenanza terá carácter coactivo e será esixida sempre que se presten algúns dos servizos públicos que se relacionan no apartado seguinte.

As tarifas e demais dereitos económicos pola prestación dos servizos que se citan no apartado seguinte, teñen a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, de acordo co artigo 20.6 do TRLHL, en redacción dada pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

2. É obxecto desta prestación patrimonial, o tratamento e depuración de augas residuais. Así como a recepción, vertedura e tratamento de residuos procedentes de pozos negros, na estación depuradora de augas residuais. En xeral, todos aqueles servizos propios obxecto desta Ordenanza que sexan convocados polos interesados ou que especialmente redunden no seu beneficio, aínda cando estes non solicítaren a prestación, e que, sendo de competencia municipal, teñan carácter obrigatorio en virtude de precepto legal ou regulamentario.

##### **Artigo 2º.- OBRIGADOS AO PAGO**

1.-Están obrigados ao pago os titulares do contrato de subministro de auga potable, solicitantes ou destinatarios do servizo, entre os que se incluírán os que utilicen pozos ou captacións subterráneas propias.

2.-Serán responsables subsidiarios do pago, os propietarios destes inmobles, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

##### **Artigo 3º.- CUANTIFICACIÓN DAS TARIFAS**

3.1.- A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de sumidoiros e depuración determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.-

A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

a) Vivendas:

Por sumidoiros: 0,311851 euros/m3.

Por depuración: 5,091466 euros/mes.

b) Fincas e locais non destinados a vivendas.

Por sumidoiros: 0,311851 euros/m3.



Por depuración: 5,091466 euros/mes.

3.2- En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ao mínimo facturable por subministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínimo esixible.-

#### **Artigo 4º.- OBRIGACIÓN DE PAGO**

1. A obriga do pago dos importes das tarifas nace na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida ou de vertido esporádico sen enganche á rede, se o suxeito pasivo a formulase expresamente e na data que teña lugar a efectiva acometida, en caso de non existir solicitude ou concesión de licenza; sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración, teñen carácter obrigatorio para todas as fincas do municipio que teñan fachadas a rúas, prazas ou vías públicas en que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca no exceda de cen metros, e será obrigatoria a tarifa de depuración aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

#### **Artigo 5º.- NORMAS DE XESTIÓN**

Unha vez autorizada a acometida, o cobro da tarifa realizarase trimestralmente, conxuntamente coa taxa do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e prestación do servizo de rede de sumidoiros, entendéndose efectuada a notificación das cotas coa publicación polo Concello do correspondente padrón trimestral da auga.

**Segundo.-** Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións>>.

Intervén o Sr. Tellado, quen logo de expoñer o desacordo do seu grupo pola celebración desta sesión o día 26 adianta que a sabendas de que se vai aprobar en sinal de protesta polo trato diferente que di que se lles da non han participar nin no debate nin na votación deste punto.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 SM, 2 BNG, 2 AV e 2 PSOE).
- Abstencións: 3 (PP).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobación inicial de ordenanza da prestación patrimonial de carácter público non tributario do servizo municipal de tratamento e depuración de augas residuais

### **PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS**

#### **Artigo 1º: - FUNDAMENTO E OBXECTO**

1. En uso da facultade concedida polo artigo 31.3 da Constitución e polo artigo 105.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Sada establece una prestación patrimonial de carácter público non tributario como contraprestación pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais no termo municipal de Sada, que se rexerá pola presente Ordenanza. Este servizo se presta de xeito indirecto a través de contrato de concesión.

A prestación patrimonial de carácter público non tributario que se regula na presente ordenanza terá carácter coactivo e será esixida sempre que se presten algúns dos servizos públicos que se relacionan no apartado seguinte.

As tarifas e demais dereitos económicos pola prestación dos servizos que se citan no apartado seguinte, teñen a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario, de acordo co artigo 20.6 do TRLHL, en redacción dada pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



2. É obxecto desta prestación patrimonial, o tratamento e depuración de augas residuais. Así como a recepción, vertedura e tratamento de residuos procedentes de pozos negros, na estación depuradora de augas residuais. En xeral, todos aqueles servizos propios obxecto desta Ordenanza que sexan convocados polos interesados ou que especialmente redunden no seu beneficio, aínda cando estes non solicitaren a prestación, e que, sendo de competencia municipal, teñan carácter obrigatorio en virtude de precepto legal ou regulamentario.

#### **Artigo 2º.- OBRIGADOS AO PAGO**

1.-Están obrigados ao pago os titulares do contrato de subministro de auga potable, solicitantes ou destinatarios do servizo, entre os que se incluírán os que utilicen pozos ou captacións subterráneas propias.

2.-Serán responsables subsidiarios do pago, os propietarios destes inmobles, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

#### **Artigo 3º.- CUANTIFICACIÓN DAS TARIFAS**

3.1.- A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de sumidoiros e depuración determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.-

A tal efecto aplicarase a seguinte tarifa:

a) Vivendas:

Por sumidoiros: 0,311851 euros/m3.

Por depuración: 5,091466 euros/mes.

b) Fincas e locais non destinados a vivendas.

Por sumidoiros: 0,311851 euros/m3.

Por depuración: 5,091466 euros/mes.

3.2- En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ao mínimo facturabile por subministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínimo esixible.-

#### **Artigo 4º.- OBRIGACIÓN DE PAGO**

1. A obriga do pago dos importes das tarifas nace na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida ou de vertido esporádico sen enganche á rede, se o suxeito pasivo a formulase expresamente e na data que teña lugar a efectiva acometida, en caso de non existir solicitude ou concesión de licenza; sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración, teñen carácter obrigatorio para todas as fincas do municipio que teñan fachadas a rúas, prazas ou vías públicas en que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca no exceda de cen metros, e será obrigatoria a tarifa de depuración aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.

#### **Artigo 5º.- NORMAS DE XESTIÓN**

Unha vez autorizada a acometida, o cobro da tarifa realizarase trimestralmente, conxuntamente coa taxa do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e prestación do servizo de rede de sumidoiros, entendéndose efectuada a notificación das cotas coa publicación polo Concello do correspondente padrón trimestral da auga.

**Segundo.-** Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións.



## 5º.- REVISIÓN ICIO LICENZA EXPEDIENTE 106/19, PROYCOGA SA.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Especial de Contas e de Facenda do 19/12/2019, que sinala:

<</.../

1º.- Declarar de especial interese municipal as obras da Comunicación Previa 106/19 para a reparación da soleira do patio interior do Instituto Isaac Díaz Pardo de Sada e conceder a bonificación do 95 % da cota tributaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras correspondente á execución de dito proxecto”.

2º.- Ordenar á Tesourería municipal a realización dos trámites oportunos para efectividade da bonificación concedida>>.

A sra. Bolaño di que non treñen nada que dicir. A sra. Salorio quen logo de expoñer o desacordo do seu grupo pola celebración desta sesión o día 26 adianta que a sabendas de que se vai aprobar en sinal de protesta polo trato diferente que di que se lles da non han participar nin no debate nin na votación deste punto.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 SM, 2 BNG, 2 AV e 2 PSOE).
- Abstencións: 3 (PP).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

1º.- Declarar de especial interese municipal as obras da Comunicación Previa 106/19 para a reparación da soleira do patio interior do Instituto Isaac Díaz Pardo de Sada e conceder a bonificación do 95 % da cota tributaria do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras correspondente á execución de dito proxecto.

2º.- Ordenar á Tesourería municipal a realización dos trámites oportunos para efectividade da bonificación concedida.

## 6º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IBI. ESTABLECEMENTO DA BONIFICACIÓN PREVISTA NO ARTIGO 74.2 DO TRLFL.

Dáse lectura pola secretaria do ditame favorable da Comisión Especial de Contas e de Facenda do 19/12/2019, que sinala:

<</.../

**Primeiro.-** De conformidade co disposto no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2.004, de 5 de marzo, una vez transcorrido o prazo de exposición ao público do acordo provisional de modificación da Ordenanza Fiscal número 1, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, adoptado en sesión plenaria de 26 de outubro de 2019, examinadas as reclamacións presentadas contra o mesmo, e rexeitando as mesmas coa motivación incluída nos informes que constan no expediente, apróbase a redacción definitiva da modificación da citada Ordenanza fiscal no seu artigo cinco, quedando os apartados afectados redactados como segue:

“Artigo 5

(...)

3.-Establecese unha bonificación na cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana equivalente á diferenza positiva entre a cota íntegra do exercicio e a cota líquida do exercicio anterior multiplicada esta última polo coeficiente do incremento máximo anual da cota líquida que queda establecido no **1,03** para todos os tramos do valor catastral e todas as





modalidades de uso das construcións que en aquela se fixen e na que se sitúen os diferentes bens inmobles do municipio, conforme establece o artigo 74,2 do TRLRHL.

Esta bonificación terá unha **duración de tres períodos impositivos** e será efectiva a partir da entrada en vigor dos novos valores catastrais de bens inmobles dunha mesma clase, resultantes dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral de ámbito municipal.

Esta bonificación será compatible con outras ás que teña dereito o mesmo inmovible.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, no suposto de que a aplicación doutra bonificación conclúa no período inmediatamente anterior a aquel no que haxa que aplicarse sobre o mesmo inmovible a bonificación á que se refire este apartado, a cota sobre a que se aplicará, no seu caso, o coeficiente de incremento máximo anual será a cota íntegra do exercicio anterior.

Cando en algún dos períodos impositivos nos que se aplique esta bonificación teña efectividade un cambio no valor catastral dos inmobles, resultante de alteracións susceptibles de inscrición catastral, de cambio de clase do inmovible o dun cambio de aproveitamento determinado pola modificación do planeamento urbanístico, para o cálculo da bonificación considerárase como cota líquida do exercicio anterior a resultante de aplicar o tipo de gravame de dito ano ao valor base determinado conforme ao disposto no artigo 69 da TRLRHL.

As liquidacións tributarias resultantes da aplicación desta bonificación rexeranse polo previsto no artigo 102,3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, sen que sexa necesaria a súa notificación individual nos casos de establecemento, modificación ou supresión daquela como consecuencia da aprobación ou modificación da ordenanza fiscal.

4.-No suposto de que un mesmo suxeito pasivo teña dereito a mais dunha bonificación na cota do IBI por inmobles de uso residencial aplicarase unha única bonificación polo importe de maior contía; con excepción do previsto no apartado anterior.”

**Segundo.-** O presente acordo definitivo e o texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal publicaranse no Boletín Oficial da Provincia>>.

Ábrese o debate cunha exposición da sra. Taibo, concelleira delegada da área de Facenda, Administración Local, Administración Electrónica e Contratación, quen pide o voto a favor da proposta. A sra. Bolaño di que independentemente da inadmisión das alegacións lle gustaría saber en que afecta e que alcance tería a Sentencia do Tribunal Supremo 2259/2014 a que se refire unha das alegacións. A sra. García fai unhas puntualizacións con respecto ás políticas de dereitas de épocas anteriores e logo de expoñer o desacordo do seu grupo pola celebración desta sesión o día 26 adianta que a sabendas de que se vai aprobar en sinal de protesta polo trato diferente que di que se lles da non han participar nin no debate nin na votación deste punto. O Presidente fai algunhas aclaracións.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (5 SM, 2 BNG, 2 AV e 2 PSOE).
- Abstencións: 3 (PP).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** De conformidade co disposto no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2.004, de 5 de marzo, una vez transcurrido o prazo de exposición ao público do acordo provisional de modificación da Ordenanza Fiscal número 1, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, adoptado en sesión plenaria de 26 de outubro de 2019, examinadas as reclamacións presentadas contra o mesmo, e rexeitando as mesmas coa motivación incluída nos informes que constan no expediente, apróbase a redacción definitiva da modificación da citada Ordenanza fiscal no seu artigo cinco, quedando os apartados afectados redactados como segue:

“Artigo 5

(...)



3.-Establecese unha bonificación na cota íntegra do Imposto sobre Bens Inmóveis de natureza urbana equivalente á diferenza positiva entre a cota íntegra do exercicio e a cota líquida do exercicio anterior multiplicada esta última polo coeficiente do incremento máximo anual da cota líquida que queda establecido no **1,03** para todos os tramos do valor catastral e todas as modalidades de uso das construcións que en aquela se fixen e na que se sitúen os diferentes bens inmóveis do municipio, conforme establece o artigo 74,2 do TRLRHL.

Esta bonificación terá unha **duración de tres períodos impositivos** e será efectiva a partir da entrada en vigor dos novos valores catastrais de bens inmóveis dunha mesma clase, resultantes dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral de ámbito municipal.

Esta bonificación será compatible con outras ás que teña dereito o mesmo inmóvel.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, no suposto de que a aplicación doutra bonificación conclúa no período inmediatamente anterior a aquel no que haxa que aplicarse sobre o mesmo inmóvel a bonificación á que se refire este apartado, a cota sobre a que se aplicará, no seu caso, o coeficiente de incremento máximo anual será a cota íntegra do exercicio anterior.

Cando en algún dos períodos impositivos nos que se aplique esta bonificación teña efectividade un cambio no valor catastral dos inmóveis, resultante de alteracións susceptibles de inscrición catastral, de cambio de clase do inmóvel o dun cambio de aproveitamento determinado pola modificación do planeamento urbanístico, para o cálculo da bonificación considerarase como cota líquida do exercicio anterior a resultante de aplicar o tipo de gravame de dito ano ao valor base determinado conforme ao disposto no artigo 69 da TRLRHL.

As liquidacións tributarias resultantes da aplicación desta bonificación rexeranse polo previsto no artigo 102,3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, sen que sexa necesaria a súa notificación individual nos casos de establecemento, modificación o supresión daquela como consecuencia da aprobación ou modificación da ordenanza fiscal.

4.-No suposto de que un mesmo suxeito pasivo teña dereito a mais dunha bonificación na cota do IBI por inmóveis de uso residencial aplicarase unha única bonificación polo importe de maior contía; con excepción do previsto no apartado anterior.”

**Segundo.-** O presente acordo definitivo e o texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

## **7º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.**

**A. Resolucións da alcaldía ditas dende o 25 de novembro (núm. 2279) ata o 19 de decembro de 2019 (núm. 2493).**

7.A.1º.- Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e Decretos ditados pola Alcaldía-Presidencia dende o día 25 de novembro (número 2279) ata o 19 de decembro de 2019 (número 2493), que foron postas de manifesto á secretaria da corporación.

7.A.2º.- O sr. Alcalde dá lectura a unha declaración institucional acordada por unanimidade de todos os grupos municipais con motivo do centenario do nacemento de Isaac Díaz Pardo:

### **“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 2020 ANO ISAAC DÍAZ PARDO**



Neste 2020 que está a piques de comezar, conmemórase o centenario do nacemento de Isaac Díaz Pardo, figura senlleira e fundamental na historia de Galicia e fillo predilecto de Sada.

O Concello de Sada ten o deber de recoñecer, en primeiro lugar, o Isaac persoa, o Isaac veciño, o sementador de ilusión e futuro entre as xentes do común, o conservador da memoria dun país. Eses valores propios da súa persoa ben deberían rexer os destinos de todo pobo que procure o progreso, a solidariedade e a galeguidade en cada paso que dá. Como tal, debemos e queremos facelos nosos.

O Concello de Sada quere, así mesmo, recoñecer o Isaac comprometido co seu país, dando a coñecer o xigantesco traballo por el feito, valorizando e transmitindo a súa tarefa de preservar, fortalecer e reconstruír a memoria e a cultura de Galicia, sobre todo tendo en conta os fatais acontecementos históricos que lle tocaron vivir e que marcaron fundamente a súa experiencia vital. É preciso tamén facer agromar as pequenas historias da xente que o converten no que ao fin todos somos: unha persoa de carne e oso, un ser humano.

As Cerámicas do Castro, Sargadelos, o Laboratorio de Formas ou as Ediciós do Castro son fitos históricos da traxectoria de quen, alén da súas facetas artística e empresarial, tamén foi editor, escritor, deseñador industrial, promotor cultural, mecenas... Un xigante home pequeno plantado en plena modernidade, promotor de “causas xustas”, co seu apoio constante a todas aquelas iniciativas que buscaban progresar, botar luz sobre a realidade e aportar en positivo, recoñecendo sempre a memoria dos vencidos.

Asemade, o Concello de Sada quere ser portavoz da mensaxe do Isaac libertario, e por iso valora, recoñece e comparte a súa loita a prol dunha Galicia sen cadeas, sen complexos, audaz e digna, coñecedora do seu pasado e crente nun futuro de seu.

O 5 de xaneiro de 2012 finaba Isaac, o home, e agromaba Isaac, a lenda. O Concello de Sada ten moi clara a verdadeira dimensión histórica do seu veciño do Castro de Samoedo e asume a enorme responsabilidade de manter acesa a luz que el, canda a súa muller Mimina, nos legou, para que as vindeiras xeracións nunca esquezan que o noso veciño foi unha das figuras máis determinantes da historia de Galicia, na segunda metade do pasado século”.

#### **B.- Mocións.**

Non se presentaron.

#### **C.- Rogos e preguntas.**

A Sra. Pardo formula as seguintes preguntas:

1ª) Se o Alcalde recorda que foron tratadas de igual forma que o grupo do Partido Popular.

2ª) Se se lles vai dar acceso e onde ao expediente relativo á contratación e a elaboración do proxecto de execución das piscinas públicas, porque aínda non obtiveron resposta.

A Sra. Bolaño efectúa as seguintes preguntas e rogos:

Preguntas:

1ª) Se se lles vai dar acceso e onde ao expediente relativo á cesión do uso do local social da parroquia de Soñeiro, porque aínda non obtiveron resposta. O Presidente fai algunhas aclaracións.

2ª) Pola necesidade de dar unha resposta axeitada ás cesións de uso dos locais por parte do concello.

Rogos:

1º) Roga que ordene o necesario para reestruturar e establecer os convenios oportunos para os efectos.



---

2º) Aproveita nun segundo rogo para efectuar unha reflexión persoal e renunciar publicamente ao cargo de concelleira.

Logo dun aplauso xeral o Presidente amosa o seu agradecemento á Sra. Bolaño; a Sra. Salorio intervén tamén para despedirse da Sra. Bolaño.

O Sr. Tellado logo de se referir a un rogo que presentara o 9 de decembro de aclaración a unha pregunta que efectuara no Pleno do 28 de novembro, que retira, pregunta cantas persoas foron traballar hoxe ao Concello.

O Presidente contesta que o mirarán mañá na relación de fichaxes.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 55 minutos do día 26 de decembro de 2019, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visto bo do Alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electrónicamente que se incorpora ao expediente, e ao cal se pode acceder no enlace [https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).